

## Á Mesa da Comisión 1ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do apoio a iniciativas relacionadas coa recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público (doc. núm. 32221).

### Emenda de modificación

Proponse unha nova redacción para o punto 3, da parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:

“3. Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do ditador e en consecuencia demandar que se inicien as accións ou modificacións legislativas en materia de Memoria Histórica que impidan comportamentos de apoloxía do franquismo, de carácter fascista, homologándonos cos países europeos máis avanzados neste eido.”

### Emenda de modificación

No punto 4, da parte resolutiva da iniciativa débese suprimir a seguinte frase:

“..., para a súa posterior conversión en espazo da memoria histórica democrática galega.”

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/10/2018 17:44**  
**Nº Rexistro: 37998**  
Data envío: 02/10/2018 17:44:33.099

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/10/2018 17:31:04**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/10/2018 17:31:37**

## **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado **Alberto Pazos Couñado**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea, **10/PNC-002719 (33232)** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para protexer as vítimas de violencia de xénero, menores e testemuñas nas dependencias xudiciais.

### **Emenda de substitución**

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que se sigan levando a cabo, segundo a capacidade actual das infraestruturas en uso, aquelas reformas necesarias nas dependencias xudiciais galegas para evitar o cruce entre vítimas e agresores.
2. Que se contemplen actuacións de modernización e evolución das tecnoloxías configurando a videoconferencia como un servizo básico nos termos previstos nas leis.
3. Que se habiliten, no marco da capacidade real en cada edificio xudicial, espazos axeitados nas dependencias xudiciais para os menores que teñen que acudir a procedementos xudiciais”.

Santiago de Compostela, 02 de outubro de 2018.

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñado na data 02/10/2018 18:12:47**

**Pedro Puy Fraga na data 02/10/2018 18:13:02**